

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO DO
PLENO DO CONCELLO DE MURAS O DÍA 2 DE NOVEMBRO 2018**

No Salón de Sesi3ns da Casa Consistorial do Concello de Muras, o d3a 2 de Novembro de dous mil dezaoit, sendo as 17:35 horas re3nese o Pleno do Concello para celebrar, en primeira convocatoria, sesi3n p3blica extraordinaria, baixo a presidencia do Sr. Alcalde DON MANUEL REQUEIJO ARNEJO e con asistencia dos seguintes Concelleiros:

DONA BELEN CHAO RAMIL (BNG)
DON CARLOS CARBALLE PENABAD (BNG)
DON MARIO ROUCO REI (PSdeG-PSOE)
DON JOS3 PAJ3N PENABAD (PP)
DONA ROSARIO CECILIA REY L3PEZ (PP)

Non asiste 3 sesi3n o Sr. Jos3 Danilo Requeijo Castro (PP)

Da fe do acto o Secretario do Concello don Froil3n Pall3n Seco.
Sendo as dezanove horas e dez minutos pola Presidencia decl3rase aberta a sesi3n.

De seguido som3tense a debate e aprobaci3n os seguintes asuntos:

Sr. Alcalde:

Abre a quenda de intervenci3ns o Sr. Alcalde, dando a benvida 3s se3ores concelleiros e pasando a relatar os puntos do d3a :

PRIMEIRO.- APROBACI3N ACTAS SESI3NS ANTERIORES.

Relata o Sr. Alcalde que se traer3n nos seguintes plenos.

Asenten todos os concelleiros.

SEGUNDO.- APROBACI3N BASES AXUDAS DA LUZ DE 2018.

Sr. Alcalde : Explica o Sr. Alcalde como se fixo ate agora. Este ano vaise facer igual, ser3 Febreiro per3odo para presentar solicitudes e facturas. Pregunta se os portavoces non fan uso da palabra. Sometido a votaci3n queda do seguinte modo:

Votaci3n : Por unanimidade dos presentes votan aprobar as Bases das axudas da luz de 2018.

TERCEIRO.- AXUDAS PARA ESTUDANTES.

Explica o Sr. Alcalde que estas axudas son para veciños e veciñas que estudan en F.P, Bacharelato ou na Universidade. Argumenta que o certo é que resulta moi custoso para as familias polo desprazamento e residencia.

Propónse a publicación no B.O.P

Intervén Dona Rosario Cecilia e di que o PP as recolleu no Pleno do 25 de febreiro de 2015 .

Intervén o Sr. Alcalde e di que se recolle parte desa proposta.

Intervén Dona Rosario Cecilia e pregunta porque non se aprobou a que se votou naquel intre.

Intervén Dona Belén Chao e di que naquel intre, falábase de axudas non lineais. A distinto nivel de renda. Debe de terse en conta. Agora non son axudas distintas segundo a renda familiar.

Intervén o Sr. Alcalde e di que son as mesmas que as do ano pasado.

Intervén o Sr. José Pajón e di que o PP presentou unha moción para axuda a estudantes.

Intervén o Sr. Mario Rouco e di que en Xermade non teñen ditas axudas e que non se estaba de acordo coas axudas lineais.

Sometida proposta a votación queda deste xeito:

Votación : Por unanimidade dos presentes votan a favor de aprobar as Axudas para estudantes da nova anualidade.

CUARTO.- DESCONSORCIO MONTES DA GAÑIDOIRA.

Intervén o Sr. Alcalde e di que a día de hoxe aparecen no inventario municipal e que no momento de tomar posesión puxéronse a buscar a documentación dos montes e ademais de figurar no inventario municipal estaba incluído no consorcio entre o Concello e a Xunta (herdado da Xunta a través dun Convenio que se realizara a través de Patrimonio Forestal do Estado.)

Continúa relatando o Sr. Alcalde que encargaron uns informes, e pasa a facer referencia ó último deles. Comenta que a débeda do Concello co Consorcio é cero. Di que na Lei 9/2017 faise unha previsión e posibles causas de cancelación do consorcio. Argumenta que agora adoptan este acordo e logo xa se retirará, no seu caso, do inventario.

Intervén o Sr. José Pajón e pregunta que pasa coa documentación presentada.

Intervén o Sr. Alcalde e di que serve para rectificar acordos do goberno anterior. Que non toma decisións en contra dos veciños a sabendas de que son inxustas.

Intervén o Sr. Mario Rouco e di que que non día de hoxe van a aprobar o desconorcio e que logo o quitarán do inventario municipal. Cando chegamos non estaba ben o tema. Non imos esperar ó 2021.

Sometido a votación queda do seguintes xeito:

Votación: Por unanimidade dos membros presentes votan a favor do desconorcio dos Montes da Gañidoira.

QUINTO.- ADOPCIÓN ACORDOS VARIOS S.A.F.

PROPOSTA DA ALCALDÍA

MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) NO CONCELLO DE MURAS

Visto que na actual ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar (SAF), publicada no BOP N° 120 do 28 de Maio de 2014, se contemplan as seguintes porcentaxes de participación no custe do servizo de SAF Básico no Artigo 4.2.B).2:

CAPACIDADE ECONÓMICA	Participación no custe do servizo de SAF básico
<i>Menor de 0,80 IPREM</i>	0%
<i>Maior de 0,80 e menor ou igual a 1,50 IPREM</i>	30%
<i>Maior de 1,50 e menor ou igual a 2,00 IPREM</i>	50%
<i>Maior de 2,00 e menor ou igual a 2,50 IPREM</i>	70%
<i>Maior de 2,50 IPREM</i>	90%

Visto que na sesión plenaria do día 30 de xullo de 2018 a Corporación Municipal aprobou a nova ordenanza municipal reguladora do servizo de axuda no fogar do concello de Muras, publicada no BOP N°204 do 5 de setembro de 2018, e na cal se contemplou unha nova regulación progresiva da participación económica no custo do Servizo de axuda no fogar en réxime de libre concorrència para as persoas que non teñen o recoñecemento da situación de dependencia, rebaixándolles a participación no custe de dito servizo

De acordo cos artigos 17 e 41 a 47 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que regulan os prezos públicos, é preciso modificar a ordenanza de prezos públicos para dito servizo polo pleno da Corporación municipal e publicar a mesma no BOP para que produza os efectos oportunos

De acordo co artigo 22.2.d) da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Propoño, ao Pleno da Corporación Municipal do Concello de Muras a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- *Modificar a táboa recollida no punto 2 do apartado B) Participación no financiamento das persoas usuarias no financiamento doutros servizos que impliquen copagamento do artigo 4.2 da ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) no Concello de Muras, e substituíla pola seguinte:*

CAPACIDADE ECONÓMICA	Participación no custe do servizo de SAF básico
<i>Menor de 0,80 IPREM</i>	0%
<i>Maior de 0,80 e menor ou igual a 1,50 IPREM</i>	25%
<i>Maior de 1,50 e menor ou igual a 2,00 IPREM</i>	35%
<i>Maior de 2,00 e menor ou igual a 2,50 IPREM</i>	55%
<i>Maior de 2,50 IPREM</i>	75%

SEGUNDO. - Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do mesmo no taboleiro de anuncios deste Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por un prazo de trinta días hábiles.

Durante devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [dirección <https://muras.gal>].

TERCEIRO. Considerar definitivamente adoptado o Acordo, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado.

En Muras, a 22 de outubro de 2018

O Alcalde

Manuel Requeijo Arnejo

QUINTO.-PRIMERIO ACORDO SOBRE O SAF

Presentada a Proposta de Alcaldía Intervén o Sr. Alcalde e di que se aprobou a modificación do custo do servizo.

Para cobrar pola nova ordenanza débese aprobar a ordenanza reguladora do prezo público.

Di que a aportación será en función da capacidade económica. A proposta de aportación polos usuarios, coa nova proposta vai a ser máis pequena.

Sometido a votación o Pleno adopta o seguinte acordo :

Votación : Por unanimidade acórdase modificar a ordenanza segundo a proposta e publicala.

QUINTO.-SEGUNDO ACORDO SOBRE O SAF.

Intervén o Sr. Alcalde e di sobre o tema do SAF que rematou o 5 de setembro o contrato coa empresa concesionaria municipal.

Presentada a Proposta de Alcaldía Intervén o Sr. Alcalde e di que se aprobou a modificación do custo do servizo. Acórdase constituír unha comisión de estudo sobre como abordar este asunto no futuro.

Votación: Acórdase por unanimidade constituír unha comisión de estudo para abordar o asunto do SAF.

SEXTO.-ROGOS E PREGUNTAS.

Acórdase por unanimidade constituír unha comisión de estudo para abordar o asunto do SAF.

Intervén Dona Rosario Cecilia e di que faltan actas, moitas actas desde fai moitos meses.

Intervén o Sr. Alcalde e di que é verdade, faltan actas, e que algunhas debe de entregalas a secretaria de baixa.

E non habendo máis rogos nin preguntas dá o Alcalde-Presidente por rematada a sesión sendo as 18 horas 20 minutos do 2 de novembro de 2018 da que se estende a presente acta que asina comigo o Alcalde-Presidente e da que Eu como Secretario dou fe.

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Muras a 2 de Novembro de 2018.